

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN, COMPETENCIAS E PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2023-2027

Con data 03/11/2023, ditou a Resolución da Alcaldía nº 1031/2023, correspondente a Modificación da Composición, competencias e periodicidade da Xunta de Goberno Local, Corporación 2023-2027, que literalmente di:

MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN, COMPETENCIAS E PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Con data 07/07/2023, ditou a Resolución da Alcaldía nº 687/2023, correspondente a Composición, competencias e determinouse a composición e competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local e publicouse no BOP nº 136 de 18 de xullo de 2023.

A vista do escrito presentado polo concelleiro municipal Óscar Rial Lago, renunciando o seu nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local

Polo exposto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o RD.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o RD.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, e tendo en conta así mesmo a necesidade de determinar o réxime de sesión de dito órgano,

RESOLVO:

PRIMEIRO

Revogar a Resolución da Alcaldía nº 687/2023, do día 07 de xullo, pola que se determinaba a composición e competencias da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO

Modificar a composición dos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo e nomear como membros da Xunta de Goberno Local ás/aos seguintes Concelleiras/os:

- **Julián Bustelo Abuín**

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 579.392 exp. 2023/X999/000741

- **Julio Alcalde Hermo**
- **Ana Vidal Fungueiriño**
- **Olalla Figueira Castaño**
- **José Alberto Angueira Gómez**
- **José Luís Castiñeiras Lesende**

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e as/os Concelleiras/os antes mencionados.

TERCEIRO

Modificar a hora da Xunta de Goberno que se celebrará as súas sesións ordinarias, o **1º e 3º xoves de cada mes, ás 14:00 horas**, nas dependencias do Concello, polo tanto, con periodicidade quincenal, previa convocatoria ao efecto realizada por esta Alcaldía, sendo unha hora despois de non existir quórum suficiente de maioría absoluta na primeira convocatoria (Alcaldía e 3 membros), bastando a presenza de 1/3 dos membros na segunda.

CUARTO

A presente resolución surtirá efecto dende o día seguinte da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, así como na sede electrónica do Concello, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

QUINTO

Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como traslado expreso do mesmo aos Departamentos municipais directamente afectados aos efectos oportunos (Intervención, Tesourería, Urbanismo, Emprego), sen perxuízo doutras comunicacións que a tal fin se estimen oportunas.

Rianxo, luns 6 de novembro de 2023.

O Alcalde, Julian Bustelo Abuín